

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DO MASTER DE ENXEÑARÍA AMBIENTAL, DA ESCOLA TÉCNICA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido con efectos dende a súa sinatura ata un ano máximo de duración total.

Antecedentes

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, que ten encomendada a xestión institucional dos residuos urbanos dos Concellos de Galicia que decidan xestionar os seus residuos a través desta sociedade (na actualidade 294).

Dita xestión realízase nas instalacións industriais complexas que a Sociedade ten no Concello de Cerceda, integradas polo Complexo Medioambiental de Cerceda e o vertedoiro de Areosa.

Que o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinanzas impartidas pola Universidade realicen prácticas académicas externas.

Que o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante, establece no seu art. 8.f o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

Que polo obxecto social de SOGAMA e a súa actividade de xestión de residuos nunhas instalacións industriais complexas, se dan as circunstancias idóneas para a realización das prácticas curriculares de alumnos do Máster de Enxeñaría Medioambiental que organiza a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Que noutras edicións do Máster, Sogama xa acollera a estudantes do mesmo, sendo a experiencia moi positiva e enriquecedora para os alumnos en prácticas como para a propia Sogama e o seu persoal.

Finalidade e Obxecto do Convenio

O obxecto do convenio é o de establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas dos alumnos nas instalacións de a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa.

A finalidade e que o alumnado da titulación oficial do Máster en Enxeñaría Ambiental, organizado pola escola Técnica superior de Enxeñaría da USC, poda realizar as prácticas curriculares nas instalacións de SOGAMA, contribuíndo desa forma a mellor formación dos mesmos nun ámbito plenamente concorrente entre a especialidade da titulación e a propia actividade de SOGAMA.

O convenio de colaboración non supón obrigas económicas para SOGAMA.

Fundamentación do instrumento convencional:

Os anteriores antecedentes e finalidade, así como que os intereses converxentes das partes asinantes en orden á consecución do obxecto referido que exclúen o ánimo de lucro, fundamentándose no ámbito da responsabilidade social corporativa de Sogama e na contribución a formación práctica de estudos especializados na área de actividade de Sogama.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, todo elo con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 do TRLCSP, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Javier Domínguez Lino
Presidente